



SUXESTIÓNS NADAL 2011

Un libro aberto... é un
cerebro que fala;
Pechado...un amigo que
espera...Esquecido...un
alma que perdoa;
Destruído...un corazón
que chora.



Proverbio Hindú

Ata onde é quen de chegar un pai para encubrir a un fillo que comete un delito inxustificable?


Debe prevalecer o instinto de protección paterna, ou a lealdade a unas normas sociais que garanten a coherencia e a fortaleza do grupo?

Para nais e pais

LA CENA
HERMAN
KOCH



narrativa
salamandra



Germain, cuarente e cinco anos, case analfabeto, fillo pouco querido e escolar humillado, pasa o tempo facendo algunhas chapuzas ou cultivando a horta. Desconfía de aqueles que estudaron, dos libros e das palabras difíciles, que lle dicen ben pouco. Pero unha tarde, no parque, coñece a Margueritte, unha vella dama que está sentada no seu banco favorito, e descobre que comparten un mesmo pasatempo: contar paxaros. Entre eles nace unha amizade improbable, Marguerite é unha muller culta, que parece non decatarse das cousas que el ignora e que lle propón ler un libro en voz alta. Germain, por educación, acepta e así descobre o mundo dos libros, da maxia da lectura e das tardes con Margueritte.

Para rapaces e rapazas





Na obra xuvenil máis coñecida de Mauro de Vasconcelos, a pobreza a solidariedade e o desaxuste social vistos polos ollos inxenuos dun neno de seis anos. Nacido nunha familia pobre e numerosa, Zezé é un neno especial, que envolve ao lector ao revelar os seus soños e desexos, por medio de conversas co seu pé de laranxa lima, encontrando na fantasía a alegría de vivir.

Pés planos rouba unas botas na zapatería de don Manuel e encérrano na Casa Grande, un edificio de tres plantas rodeado por un muro con cristais cravados no cemento que brillan co sol da tarde. Saltar o muro era unha necesidade. A fame, o grío, os celadores, a loita diaria nun ambiente hostil empuxan os rapaces a tentar fuxir, pero moi poucos se atreven e case ningún o consegue.




Para toda a familia


[Alejandro vive na cidade e, como a maioría dos seus habitantes, está destinado a traballar nas fábricas cando sexa maior. Pero un bo día unha caravana dun circo xitano chega ao lugar e Alejandro escoitará por primeira vez as alegres melodías e verá os bailes e os números de circo. Entre os membros da compañía está Elena, unha nena da súa idade, da que se namora á primeira vista. Xunto cos músicos do circo, Alejandro descubrirá o seu talento nato para tocar a guitarra e, tras un primeiro rexeitamento, a súa familia sentirase finalmente orgullosa del grazas aos seus logros.]



O mestre Azarías, Turpino e Pablo, o seu xoven aprendiz, exploran sen descanso terras descoñecidas coa misión de escribir o gran catálogos de magos. A bordo do seu carromato científico chegan aos illotes de Pedestal, nos que hai unha guerra incesante entre magos e reis. Grazas ao enxeño de Pablo e á súa nova amiga Amalia, que inventar o coco-hockey, un novo deporte, os habitantes dos illotes superarán as súas diferenzas.



Hai unha Galicia visible e hai outra que non se ve inzada de reinos, cidades, vilas, illas, covas, camiños, montes e outros moitos lugares onde disque fan vida xentes anfibias e outros seres capaces de circular entrambos os mundos, o tanxible e o intanxible, o que vemos e o que temos que imaxinar. Neste libro, unha guía práctica para viaxar por un cento destes lugares, abrimos as galerías, franqueamos e iluminamos os pasos soterrados para chegar a eses mundos escuros, sepultados baixo a terra ou a area, navegamos polas canles que conducen aos lugares mergullados baixo as arrebatadas augas dun pozo ou dunha lagoa, do mar ou do ceo, a guiámosvos polos carreiros que agabean ou descenden ata os segredos do misterio. Unha guía que fai visible o invisible.



Un libro que fala da xenerosidade humana sen límites. Do respecto á natureza, da aposta pola vida e do amor á terra e a todo o que dela pode agromar fala esta pequena grande obra mestra da literatura do século XX.



[O Segrel do Penedo](#)

[Club de lectura do Segrel](#)